



EXTRACTO SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 16 de xaneiro de 2017

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 16 de xaneiro de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 09/01/2017, que se aprobou por unanimidade.

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/66

Dáse conta de resolución da Secretaría de Estado de Turismo, de data 23 de decembro de 2015, de devolución de ingresos indebidos (a favor de La Caixa por importe de 23.911,72€), complementaria á Resolución de 20 de abril de 2016, pola que se acordou a revogación das Resolucións de 29 de abril de 2010, 18 de marzo de 2013 e 22 de setembro de 2015, relativas ao préstamo FOMIT concedido ao Concello de Vilagarcía de Arousa na convocatoria de 2005 e o traslado do expediente á Xunta de Galicia.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/67

Dáse conta de informe do Auxiliar do Arquivo Municipal indicando a doazón ao Concello dun reloxo Morez de péndulo real. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda agradecer a doazón á familia García Meléndez e comunicarlle que o reloxo indicado se instalará de forma permanente nas dependencias municipais.

ASUNTOS DE RECURSOS HUMANOS

PRP2017/122

Vista a proposta da Concellería de Persoal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a prórroga das seguintes Bolsas de Emprego existentes no Concello, ata a entrada en vigor das novas Bolsas, que están en proceso de selección:

- Bolsa de Persoal de Operario (distintas especialidades).
- Bolsa de Persoal de Auxiliar Administrativo.
- Bolsa de Diplomado/a Universitario/a en Enfermería.
- Bolsa de Traballadores/as Sociais.

Que polo Departamento de Recursos Humanos se proceda á publicación no Boletín Oficial da Provincia e a informar ao Comité de Empresa e Xunta de Persoal.



ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2017/93

Dáse conta da publicación no DOG de 9 de xaneiro de 2017, da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a Concellos para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas e axencias de lectura públicas municipais integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

A Xunta de Goberno Local acorda presentar a solicitude de subvención.

PRP2017/94

Dáse conta de publicación no DOG de 5 de xaneiro de 2017, da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para a dotación de novidades editoriais en galego con destino a bibliotecas e axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

A Xunta de Goberno Local acorda presentar a solicitude de subvención.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2017/96

Vista a proposta da Concellería Delegada da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases e orzamento do *XI Premio para a igualdade de xénero na Escola: Boas Prácticas na Escola*, cun orzamento total de 1.500,00 € para premios (tres premios de 500,00 € cada un), con cargo á partida 2312.48100.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2017/98

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a actuación do grupo musical Alex Cooper, a cargo da Compañía **NEW LIVE Promociones Culturales, S.L.**, o día 5 de febreiro de 2017, no Salón García, por un importe de 2.662,00 € (IVE engadido), con cargo á partida 334.22609, sendo por conta do Concello o pago de cantos impostos, arbitrios, taxas, cotizacións, dereitos de autor, etc, se orixinen ou devenguen como consecuencia da celebración do Concerto.

O preza das entradas é de 6 € para adultos e de 3 € para menores de 16 anos, sendo a recadación da venda das entradas para o Concello.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/103

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o servizo de asesoramento técnico de xestión enerxética, revisión de facturación mensual e uso/soporte de software de xestión enerxética cunha duración máxima de un ano (xaneiro-décembro de 2017), ao Enxeñeiro Industrial **D. Antonio Capelo García**, por un importe de 4.800,00 € (IVE excluído) ao que lle corresponde un IVE de 1.008,00 € (21%), o que



totaliza un importe de adjudicación de 5.808,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 165.22706, de conformidade coa oferta presentada.

ASUNTOS DE RENDAS, RECADACIÓN E TESOURERÍA

Rendas

PRP2017/104

Visto o informe de Rendas relativo os padróns da Taxa de Subministración de Auga Potable e Depuración de Augas Residuais, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro. Aprobar os padróns da Taxa de Subministración de Auga Potable e Depuración de Augas Residuais correspondentes ao 4º trimestre do ano 2016, cos seguintes datos:

* **Padrón da Taxa de Subministración de Auga Potable:**

-	Número total de abonados	18.915		
-	Importe total da subministración	489.839,59	€	
-	Importe do iva da subministración	49.008,71	€	
-	Cuota sobre mantemento	9.933,86	€	
-	Importe do iva do mantemento	2.061,88	€	
	Total padrón Taxa Subministración Auga Potable	550.844,04	€	A

* **Padrón da Taxa de Depuración das Augas Residuais:**

-	Número total de abonados	23.511		
-	Importe total da depuración	244.315,02	€	
-	Importe do iva da depuración	24.431,91	€	
	Total padrón Taxa de Depuración Augas Residuais	268.746,93	€	B

* **Importe Canon- Xunta de Galicia** **183.484,88** € **C**

* **Importe Coeficiente Vertedura- Xunta de Galicia** **338,23** € **D**

* **Regularización importes outros exercicios** Neto -0 iva -0 **0** € **E**

TOTAL PADRÓN 1.003.414,08 € A+B+C+D+E

Así mesmo indícase que o período de cobranza vai do 1 de febreiro ó 31 de marzo de 2017, ámbolos dous inclusive, cargándose en conta os recibos domiciliados o día 3 de febreiro de 2017.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.